

Coprodución:



limiar
teatro

Verbum
FAHRENHEIT
Inspirado na novela de Ray Bradbury

Elenco: Hugo Rodríguez e Pepe Soto
Dramaturxia: Fran Núñez
Dirección: Nuria Gullón e Fran Núñez
Dirección Musical: Dani Figueroa
Espazo e EPS: Núñez e Núñez
Vestuario: Diego Valeiras e Lourdes Rodriguez
Iluminación: Fran Núñez e Pablo Iriarte
Bonecos: Pepe Soto
Producción executiva: Fran Núñez
Producción: Cris Alonso, Candy Álvarez,
Jose Manuel Núñez, Lucía Hernández
Unidade didáctica: Gabriella Hernández,
Fran Núñez

A historia dos homes libro contada con textos de Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Pessoa, Amalia Rodrigues, Martín Codax, Álvaro Cunqueiro, Estibaliz Espinosa, Castelao...



LIMIAR TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO VERBUM - CASA DAS PALABRAS

Verbum Fahrenheit é a historia de dous homes, dous presos que comparten un mesmo delito: ler. Ler nunha sociedade onde a lectura está prohibida e os libros son queimados por bombeiros incendiarios.

Lectores castrados nunha sociedade na que os libros son preservados na clandestinidade alén do mar, na terra dos homes libro. Neste lugar cada persoa esqueceu o seu nome e tomou o do libro que preserva e protexe na súa memoria. Xan agora é Longa Noite De Pedra de Celso Emilio e transmíteo de xeración en xeración agardando o día en que remate a represión e os libros poidan volver a imprimirse.

Verbum Fahrenheit é un espectáculo coproducido por Limiar teatro e o Verbum – Casa das Palabras de Vigo coa colaboración de Ponte nas Ondas.

Verbum Fahrenheit é un espectáculo interactivo e didáctico baseado na novela Fahrenheit 451 que combina a narración, a música en directo, e os monicreques para contar a historia dos homes libro.

A temática da peza vira sobre a importante relación que se establece entre a oralidade e a escrita e como existen pontes nun e outro sentido que fan que unha lingua se manteña viva.

Estética futurista creada por medio dunha escenografía, vestuario e iluminación cunha atmosfera gris, metálica e extracotía con diferentes espazos configurados por elementos modulares.

Verbum
FAHRENHEIT
Inspirado na novela de Ray Bradbury

Coprodución:



limiar
teatro

Dramaturxia construída en base a textos canónicos da literatura galaico-portuguesa de grandes autores como Camoes, Pessoa, Blanco Amor, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro...

Música en directo que fusiona instrumentos tradicionais con instrumentos urbanos e contemporáneos en temas tradicionais pasados por un son contemporáneo que dea unidade sonora á peza. Guitarra, baixo, zanfoña, saxo, frauta, loops electrónicos...

Participación activa do público construíndo eles mesmos a terra dos home libro e converténdose en Homes libro ao memorizar entre todos textos que se preservarán na súa memoria de xeración en xeración.

LIMIAR TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO VERBUM - CASA DAS PALABRAS

Verbum

FAHRENHEIT

Inspirado na novela de Ray Bradbury

Coprodución:



limiar
teatro